



DEPUTACIÓN PROVINCIAL
A CORUÑA
SERVIZO DE PATRIMONIO E CONTRATACIÓN
EXPEDIENTE: PCO.001.2024.00182

RESOLUCIÓN POLA QUE SE APROBA O PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES E O PREGO DE PRESCRICIÓN TÉCNICAS PARA A CONTRATACIÓN DOS SERVIZOS DE EDICIÓN, PUBLICACIÓN, DISTRIBUCIÓN E EXPLOTACIÓN DA OBRA “A FALSA AUTÓNOMA”, DE YOLANDA CASTAÑO PEREIRA, GAÑADORA DO XXI PREMIO “MIGUEL GONZÁLEZ GARCÉS” DE POESÍA, ANO 2022 E PARA ADQUISICIÓN DE LIBROS. PCO.001.2024.00182

Don **VALENTÍN GONZÁLEZ FORMOSO**, Presidente da Deputación Provincial da Coruña:

RESOLVO:

1. Aprobar os Pregos de Cláusulas Administrativas Particulares asinados polo Servizo de Patrimonio e Contratación en data 4 de setembro de 2024 e de Prescricións Técnicas asinado polo Servizo de Acción Social, Cultural e Deportes en data 13 de xuño de 2024, para a contratación dos servizos de edición, publicación, distribución e explotación da obra obra "A falsa autónoma", de Yolanda Castaño Pereira, gañadora do XXI Premio "Miguel González Garcés" de poesía do ano 2022, en todas as tiradas que se realicen ata a data sinalada no apartado 1.2 (18 de abril de 2025), así como a adquisición de 125 exemplares, nas seguintes condicións:

1.1. Información do contrato:

1.1.1. Tipo de contrato: servizos

1.1.2. Procedemento: aberto con multiplicidade de criterios

1.2. Prazo de execución:

A primeira impresión deberá ser posta á venda no prazo máximo de seis meses contados desde a data de adjudicación do contrato.

O prazo de vixencia da cesión dos dereitos será ata o 18 de abril de 2025, e afectará a totalidade dos exemplares que sexan editados ata a data sinalada, dende a realización da tirada ou tiradas correspondentes ata a venda de todos os exemplares que as compoñan.

1.3. Orzamento: A Deputación cede á empresa adjudicataria, en exclusiva, con carácter gratuíto e polo prazo establecido nas bases da convocatoria do premio, os dereitos de edición, publicación e distribución, que de acordo con ditas bases correspóndenlle, para a edición da obra.

O orzamento máximo autorizado é de 3.125,00€, IVE incluído, correspondente á subministración de 125 exemplares

1.4. Financiamento: Imputarase a aplicación 0612/3341/22609 do vixente orzamento, RC 220240040590 .

2. Dispor que o referido contrato adjudíquese mediante procedemento aberto con multiplicidade de criterios de valoración e tramitación ordinaria.